

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

R. Álvarez (2002): “Viño novo en odres vellos: os nomes do millo”, en R. Álvarez / F. Dubert / X. Sousa (eds.): *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 69-94.



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

VIÑO NOVO EN ODRÉS VELLAS: OS NOMES DO MILLO

Rosario Álvarez

Instituto da Lingua Galega. USC

En xeral tendemos a crer inxenuamente que o espazo natural que nos rodea, coa flora e fauna que lle dan carácter, permanece inmutable desde o inicio dos tempos, e se acaso somos conscientes só das profundas transformacións que a nosa xeración está levando a cabo —non sempre para ben— no seu medio natural. Claro que, a pouco que reflexionemos, reparamos axiña en que os nosos inseparables castiñeiros chegaron aquí só un par de milenios antes cós romanos e en que as mimosas, que ata hai un mes vestían de amarelo os nosos montes, son orixinarias de Australia. Pois ben, o mesmo pasa co millo, sen dúbida o cereal máis característico de Galicia nos últimos séculos, orixinario de América central e traído á península anos despois da conquista.

Para a maior parte dos galegos, non é concibible a paisaxe nin a vida tradicional sen a presenza do millo. Os nosos antiquísimos hórreos parecen tella súa razón de ser na existencia do millo, en realidade moi posterior; a el están intimamente vencellados xogos infantís, coma as monecas feitas coa espiga, o casulo e a barbela; de millo son pezas de pan tan emblemáticas coma a boroa e doces famosos, coma a bica de Trives ou a torta de Guitiriz; está presente en diversos remedios da medicina máis tradicional e crenzas populares (*espiga das ánimas* ou *do trono*); a el se deben labores agrícolas tan socializadas coma a esfolla e a debulla, etc. Doutra banda, para o que a nós nos interesa aquí de xeito máis inmediato, poucas plantas implican tal cantidade de léxico sobre si mesmas e as súas partes; recollemos ó final, en apéndice, as denominacións fundamentais destas, deixando á parte a enorme cantidade de léxico xerado arredor dos distintos labores que precisa (*arrendar, rarear, escotar, enrestrar, esfollar, debullar*, etc.), das súas castes, do seu almacenamento ou dos seus derivados, etc.

Pois ben, en última instancia todo este mundo e a súa riqueza é o que guiou a escolla deste tema para a presente comunicación. Porque non hai que esquecer que o millo se introduce entre nós nunha época en que o galego estaba nunha posición sociolingüística moi feble, falado pola totalidade da poboación pero sen cultivo escrito e subordinado ó prestixio do español. O estudio das variantes empregadas para os conceptos máis básicos e a súa distribución diatópica permitíranos avalia-la capacidade da lingua para, nese contexto, reaccionar ante a innovación do cultivo dando nome a tódolos conceptos indicados.

1. A INTRODUCCIÓN DO MILLO EN GALICIA

O *milllo gordo*, *milllo groso* ou *maíz*, en definitiva o *milllo “americano”* (*Zea mays*), chegou á península moi pouco tempo despois da conquista de América, pois os historiadores documéntano en Andalucía por volta de 1500; de aí pasou axiña polo W cara a Portugal e máis tarde á costa atlántica, en tanto que polo E se foi estendendo por toda a ribeira do Mediterráneo. Con todo, cómpre ter presente que o feito de que a planta fose coñecida non implica que se iniciase en época tan temperá o seu cultivo masivo, que precisou como lanzadeira as graves crises de subsistencia de fins do s. XVI¹.

1. A Galicia parece que non chega ata principios do s. XVII, a pesar do notable cultivo que xa alcanzara nas terras veciñas de Asturias, onde fora introducido no cambio de século polo Gobernador da Florida, natural de Tapia de Casariego. Segundo tódolos indicios entrou en Galicia por vía marítima máis ca por vía terrestre, primeiro pola costa meridional e algo máis tarde pola costa do Cantábrico. As relacións comerciais e o tráfego marítimo entre portos galegos con portos do Cantábrico, entre eles asturianos, e as máis intensas con Lisboa e Andalucía avalan as dúas orixes posibles de introducción do milllo, non mutuamente excluíntes; engádase que os fluxos migratorios temporeiros, de ida e volta, poden xustificar tamén a implantación, por veces simultánea, en vales do interior.

Os primeiros testemuños localízanos nas Rías Baixas (en 1610 no Barbanza e en 1618 en Cangas), e de aí pasou a toda a depresión meridiana ata a área tudense e, a través dos vales dos ríos, cara á Galicia interior máis próxima. Sábese que se xeneralizou axiña nestas comarcas litorais da costa atlántica, entre o Tambre e o Miño, ó punto de que a mediados de s. XVII era xa o cereal maioritario e a principios do s. XVIII ocupaba a práctica totalidade da produción cerealeira. Os gráficos que seguen, referidos á evolución seguida no Salnés e no Morrazo, respectivamente, móstrano con toda claridade: inicialmente, a colleita de milllo americano supón un incremento e unha diversificación da produción de cereal, pero axiña se ve que substitúe totalmente a do outro cereal de primavera —o *milllo miúdo*², que se deixa de cultivar entre mediados do s. XVII e a fin do mesmo século—, ó

1 Para a información histórica remitimos a Pérez García (1982 e *GEG*: s.v. *milllo*), a Saavedra (1991 e 1998) e a Eiras Roel (1998). Deles está tomada, no fundamental, a que ofrecemos a xeito de resumo.

2 Supoñemos que nos máis dos casos se trata efectivamente de *milllo miúdo*, mais o termo pode englobar tamén o *paínzo*, pois como veremos máis adiante en época moderna tendeu a confundir as dúas especies baixo a mesma denominación.

tempo que reduce considerablemente a dos dous cereais de inverno, tanto do centeo coma do prezado trigo¹:




Gráfico 1: Evolución do cultivo de cereais no Sahnés (Fonte: J. M. Pérez García)




Gráfico 2: Evolución do cultivo de cereais no Morrazo (Fonte: H. Rodríguez Ferreiro, apud J. M. Pérez García)

En resumo, entra polas Rías Baixas, en particular pola de Arousa, de aí esténdese en forma de abano ás terras baixas e logo polos vales dos ríos cara ó interior. Nas comarcas litorais a implantación foi moi rápida: a mediados de século supoñía entre os dous tercios e as tres cuartas partes do total de cereal, pero cando se inicia o século seguinte é xa a práctica totalidade da produción. O mesmo se pode dicir, con moi poucos anos de diferenza, para toda a depresión meridiana; en cambio, conforme imos chegando ás terras máis altas o millo vai tendo unha introducción máis serodia e menos intensa, pero non por iso deixa de facerse, máis cedo ou máis tarde, hexemónico. Chega tamén ós vales máis fértiles e de clima suave da provincia de Ourense, ata entón volcados especialmente no cultivo da vide.

¹ Segundo testemuños da época, os outros grans só se manteñen ou ben por conservar algún vencello coa tradición ou ben porque están estipulados na renda (Pérez García 1982:92-93).

A introducción do millo na Galicia cantábrica é independente. Chega tamén a través da costa, parece lóxico pensar que vén de Asturias, e esténdese ós pequenos vales do interior inmediato (Valadouro, Lourenzá), pero non dá traspasado a barreira montañosa cara á meseta interior; os vales do leste son os únicos que permiten unha introducción considerable terra adentro. A implantación é máis tardía e máis lenta (*vid.* Gráfico 3), pois comeza a fins da década dos trinta e non chega ós vales inmediatos máis fértiles ata os anos corenta, ou incluso máis tarde: nos de Lourenzá e Valadouro non adquire certa importancia ata a segunda metade do s. XVII (0,9% en 1660-59, 12,7% en 1660-79); ás zonas de transición ó interior ou á montaña de Viveiro aínda chegará máis tarde, e ás comarcas máis altas, como Muras, non chega ata mediados do s. XVIII. Doutra banda, nestas áreas só suplanta o cereal de primavera, en tanto que os outros seguen cultivándose con índices aceptables (ou non son superados ou sono só tardiamente: a mediados do s. XVIII, o millo americano supón o 63,8% en Lourenzá e Valadouro, o 51,8 % nas zonas de transición e o 39,7% na montaña de Viveiro).




Gráfico 3: Evolución do cultivo de cereais no litoral Cantábrico (Fonte: P. Saavedra)

No resto de Galicia a situación é totalmente diferente. Xa indicamos antes que nalgúns vales ourensáns a introducción foi temperá, acompañando a producida na Galicia atlántica, e probablemente a través desta, sen descartar como posible vía secundaria as achegas individuais de emigrantes retornados. No resto foise expandindo, con maior ou menor fortuna, entre o s. XVIII e o s. XIX, e o feito é que nalgunhas comarcas non chegou a facelo nunca.

2. Os gráficos anteriores mostran, ademais, que o cereal máis prexudicado pola introducción do novo gran foi o *millo miúdo*. Este era un cereal propio da Galicia litoral ou prelitoral (no s. XVI supuña cando menos o 40% da produción), de clima máis benigno e terreos fértiles, o que permite a alternancia cos cereais de inverno, nomeadamente co centeo (Saavedra

1991:71-75); o seu cultivo mingua conforme se avanza cara ó interior, alomenos mentres o *millo gordo* non entra pola costa empuxando o cultivo do millo miúdo cara a terras máis altas. Esta relación de substitución do millo miúdo polo millo americano, que substenta as mudanzas producidas no plano terminolóxico, explícase por varias razóns combinadas:

a) Os dous requiren as mesmas condicións de chan e climáticas, con auga abundante e clima non rigoroso; son tamén condicións que require a viña, de aí que ámbolos cultivos se asocien nos mesmos territorios.

b) Os dous son cereais de primavera, polo que, chegado o momento da sementeira nas leiras adecuadas, había que optar por un ou por outro. A maior produtividade fai que o campesiño se decante polo millo americano: a colleita é maior con moito menos grao de semente, porque a planta produce máis e se desperdicia menos co sistema de cultivo; doutra banda, a fariña do millo americano é máis nutritiva cá millo miúdo e o resto da planta ten maior aproveitamento cá deste. De por parte, o seu cultivo non é laborioso e o procesado posterior á colleita é moito máis limpo e máis simple: a debulla require menos esforzo cá malla e faise progresivamente, consonte as necesidades e no lugar escollido por cada un; tamén a conservación é mellor no caso do maíz americano, que corre menos perigo de estragarse ou de aceda-lo pan¹.

c) As plantas son similares: cana, folla ancha, pendón arriba e espiga. Mesmo dan lugar a un tipo de pan semellante, como mostra a seguinte descrición do *Dioscórides* do pan de *mijo*: “Su pã es tan seco y enxuto, q̃ se desmenuza facilmẽte, como si fuesse amassado de arena” (II.186).

d) Distintas fontes asimilan xa desde o primeiro momento o novo cereal americano como unha variante de “millo” (*milium*). Véxase como dá noticia da novidade Andrés de Laguna, traductor e editor do *Dioscórides* (II.186): “Hallase à cada passo una suerte de mijo llamado Turquesco:q̃ produce vnas cañas muy grandes, y en ellas ciertas maçorcas llenas de muxhos granos amarillos ò roxos, y tamaños como garuãços:de los quales mollidos haze pan la infima gente:y este es el mayz de las Indias:por donde meritamente le llamo Milium Indicum Plinio”, e á marxe “Mijo Turquesco. Mayz”; as súas palabras corroboran a afirmación dos nosos historiadores de que, aínda que o millo favoreceu a tódalas clases sociais, “nas súas orixes foi máis unha medida adoptada por pequenos campesiños insuficientes” (Pérez García 1982:97).

1 Como fundamento destas aseveracións e para os labores dedicados ó millo miúdo en época recente no occidente da Coruña, véxase Vázquez Varela 1996.

2. OS CEREAIS IMPLICADOS: DIFICULTADE TERMINOLÓXICA

Os estudos históricos que atinxen estes cereais vense pexados por unha non pequena dificultade terminolóxica, debida en parte a unha sucesión de significados asociados á forma *millo* e en parte á parcial confluencia semántica de *millo* e *paínzo*. Todo apunta a que o novo cereal chegou acompañado dunha denominación que adapta a da súa terra de orixe (*maíz* e variantes), que axiña entrou en competencia en grandes áreas de Galicia coa denominación *millo*, tomada doutro cereal autóctono.

1. En efecto, o novo cereal “usurpou” non só o estatus dun cereal relativamente ben instalado na economía campesiña, senón o seu propio nome¹. A ambivalencia de *millo*, que nuns casos pode referirse ó ‘millo miúdo’ e noutros ó ‘millo gordo’ provoca non poucos problemas de identificación da especie e de valoración da produción. A mesma dificultade atopamos ó pretender interpretar pasaxes dos últimos séculos, coma as seguintes de Sarmiento:

O ano foy farto, ó *maíz* eu creo que encherà os canastros (*Coloquio*: 120 2) [B “miz”]; Vistes hum-has medas en fronte dos eidos, de palla ou de monllos, *maíz* óu centèo (*Coloquio*: 810 4).

O *millo meudo*, e os feixons pretos, e mais ó *paínzo* encheram os cestos (*Coloquio*: 121 1); leaban, crèo, seica tres ferrados de *millo* ou centèo (*Coloquio*: 830 2).

1 Desta dificultade son ben conscientes os historiadores, que non poden menos que tentar poñer orde nos materiais lingüísticos, como ilustra a seguinte pasaxe: “Coidamos insostenible hoxe a postura de Murguía, segundo a cal o confusionismo dos termos *millo* (millo miúdo actual) e *millo* (maínzo), impedía a localización exacta deste. Pola contra, na documentación da época consultada, ámbolos cereais eran correctamente distinguidos. Ó millo miúdo asignánselle diferentes nomenclaturas: ben empregando a verba *mijo/millo* ou utilizando expresións dobres: *millo miúdo* ou *mijo menudo*; o millo [maíz] comúnmente denomínase como tal, con diversas grafías, «mahiz», «mays» ou «mais»; ou ben se usan outras formas menos correntes como *mixo*, *millo*, *mijo* «mais», e mesmo *mixo* ou *millo grueso/gordo* para o diferenciar do *miúdo*. A confusión de nominacións é posterior e daríase nunha fase segunda, cando xa o millo [maíz] estaba plenamente asentado. Así, algún escribán, como sucede dunha maneira ocasional no Morrazo, usa indistintamente a expresión *millo* ou *mijo/mixo* e tamén *maíz* para se referir a este último. Xa no século XVIII se dan casos de total absorción do nome, cando o *millo miúdo* estaba en vías de extinción: así, na parroquia de Arantón (Xurisdición do Xallas), na relación de *Frutos Civiles* de 1789, constan 340 fanegas de trigo, 100 de centeo, 212 de *mijo* e 40 de aveas de produción. Sabemos que, por esas datas, tales 212 fanegas de *mijo* teñen que ser na súa case totalidade millo. A confusión da terminoloxía parece darse xa en fase avanzada, cando o millo é dominante. No momento en que o millo miúdo ten deixado de cultivarse, xa non se precisa unha dobre grafía e é a partir de aquela, pero non antes e menos na súa orixe, cando o millo acaba por absorbe-lo seu nome nalgunhas zonas. Pero aínda no século XVIII esta substitución non é moi corrente, como sucedería máis tarde. Segue a ser moi común o emprego do término *mais* para se referir a este.” (Pérez García 1982:89).

Sarmiento diferencia baixo estas denominacións plantas distintas. Chama *maíz* e *millo* (*gordo*) (CVFG:456) ó *maíz americano* (CVFG:456), pero nunha relación de diversos grans dá como equivalentes “maíz, millo” (sen adxectivos), fronte a “millo meudo” e a “painzo” (CVFLG: 299), e no remate desta, reproducindo unha anotación tomada dun doc. anterior a 1500 de Pontevedra ou Poio (CVFLG: 272; a rodapé, respectivamente MS *mio melludo*, MS *mio milludo*), pon na mesma liña “*millo miúdo e civeira y centeno*”; informa ademais de que o *cedovén* ou *maíz femia* é en Pontevedra un maíz moi branco, que se colle ó mesmo tempo có outro, a pesar de que se sementa tarde, despois de recolle-lo liño (CVV-VGDV: 157). Para o gran tradicional testemuña os nomes de *millo mendo* ~ *m. miúdo* (“O *millo meúdo*. *Millo* del puro latín *milium*. *Meúdo* para distinguirle del *millo gordo*, que es el *maíz americano*, que por tal no puede tener voz latina”, CVFG:456)¹. Pero, a pesar de que nomea como *millo* as dúas plantas e de que na súa nomenclatura o adxectivo fundamental para distinguilas parece máis firme e necesario para a denominación do tradicional, no uso que el mesmo fai no *Coloquio* o termo *millo* (sen adxectivos) só se pode entender como ‘millo miúdo’, pois non parece verosímil a dúbida entre ferrado de millo americano e ferrado de centeo, nin pola aparencia do contido nin polo tamaño do continente (“lebaban, crêo, seica tres ferrados de *millo* ou centêo”: o ferrado usado para o gran miúdo —centeo, trigo, millo miúdo, etc.— é máis pequeno có usado para medi-lo gran grosso).

A xulgar pola definición de Cornide (s.v. *millo*), a fins do s. XVIII aínda non se xeneralizara a voz *millo* para o novo cereal, que non se denomina con este nome se non é acompañado dun adxectivo (*millo*, *millo miúdo* ‘especie de painzo’ / *maíz*, *millo gordo* ‘millo americano’):

MILLO. Millo, especie de panizo muy común en las tierras pobres de Galicia suele añadirsele el nombre de miudo para distinguirlo del maíz a quien en algunos parages dan el de millo gordo.

A tradición lexicográfica galega, a pesar de se orixinar no occidente (onde hoxe é xeral *millo*, *vid.* Mapa 1), recolle *maíz* ~ *maís* ata principios do s. XX (Santamarina 2001), nalgún caso de costas á realidade lingüística do momento. Así, por ex., Pintos esfórzase en presentar separadamente *maíz* para o americano e *millo* para esp. ‘mijo’ (sen dúbida apoiándose na autoridade de Sarmiento), pero no seu vocabulario faltan palabras da familia de “maíz” e

¹ Un e outro distintos do *millo saburro*, outro gran novo, tamén chamado *saburno*, *zaburno*, identificado por el como “de Portugal” e “de Indias”, e tamén como “maíz rubio” (CVV-VGDV:278, 298). Noutro lugar identifícao co ‘sorgo’ (CVV-VGDV:317).

sen embargo inclúe *milleiro* como “Millar, pie de maiz”, o que dá idea do maior grao de instalación do segundo na súa contorna:

	MILLO MIÚDO	MILLO AMERICANO	PAÍNZO
F. J. Rodríguez	<i>millo, millo miúdo</i>	<i>mainzo, millo</i> ‘maiz nuevo’	<i>paínzo, paízo</i> ‘mijo panizo’
Pintos	<i>millo</i>	<i>maíz</i>	<i>paínzo</i>
Cuveiro	<i>(millo)</i>	<i>mainzo, millo</i>	<i>paínzo, paízo</i>
Valladares	<i>millo</i> (ant.) <i>millo-miúdo</i>	<i>mainzo, millo, maís</i>	<i>paínzo, paízo</i>
Filgueira	<i>millo, millo miúdo</i>	<i>mainzo, millo, maís</i>	<i>paínzo</i>
Leiras		<i>maíz</i>	
Carré	<i>millo miúdo, (millo), paínzo</i>	<i>mainzo, millo, millo graúdo, millo groso, millote</i>	
E. Rodríguez	<i>millo miúdo, millo paínzo, paínzo</i>	<i>mainzo, millo, millo graúdo, millo mourro, millote</i>	

O certo é que hoxe, ó xeneralizarse efectivamente a denominación *millo* para o americano, o uso aínda vivo do termo co significado antigo de ‘millo miúdo’ nalgunhas áreas de Galicia induce a confusión; tamén non sempre son ben comprendidas algunhas mostras de cultura popular, nas que *millo* se tende a interpretar de xeito incorrecto como ‘millo gordo’². Doutra banda, a falta de cultivo do millo miúdo fai que nalgúns lugares designen con esta forma composta variedades de millo americano de gran máis pequeno có habitual, introducido recentemente e destinado fundamentalmente á elaboración de flocos (Vázquez Varela 1996:118).

2. Na lingua actual, ademais, úsanse adoito como sinónimos *millo miúdo* e *paínzo*, segundo consta nos dicionarios galegos e portugueses (*milbo-miúdo*, *milbo painço*, *paínço*) e testemuñan os nosos datos do *ALGa*, e o traslado abusivo desta sinonimia actual a outras épocas introduce un novo factor de dificultade. Así como nos documentos antigos é frecuente a mención do *millo*, a presenza de termos da familia *paínzo* é pouco frecuente, e na maior parte das coleccións documentais esta voz falta ou só aparece ligada a topónimos e antropónimos; semella que o seu cultivo era escaso ou o seu gran pouco apreciado, factores ambos que explicarían a súa ausencia da prosa tabeliónica, pero non así da flora e da fitotoponimia³. Sen descartarmos que

1 Non é o significado que lle dá baixo o lema MILLO, pero si en MÍLLARAS.

2 “Díxolle o millo á liña: «Danada, que ós tres días xa es nada». E ela entón retrucou: «Nugallón, un mes baixo o terrón e inda se vou non vou». O refraneiro popular dá abundantes mostras: “Non lles deas millo ós paxaros, que xa cho comerán eles”, “O pan de millo mantén a fame na casa”, “O golpe vai polo millo e non come, pero dálle co rabo e sacode”, etc. (para a presenza de *millo* e *maíz* no folclore, *vid.* Bouza-Brey 1982).

3 Se reparamos na distribución da forma *paí(n)zo* no léxico común, a partir dos traballos de campo realizados, observamos que na súa maior parte se concentra na parte suroccidental,

a similitude entre as dúas plantas puidese producir unha equivalencia sinónimica xa en época antiga, da que non temos probas, cómpre ter presente que hai testemuños que poñen de relevo que se trataba de dúas gramíneas distintas (tamén en port., *vid.* Lorenzo, *Glosario*: s.v.). Repárese nos seguintes fragmentos tomados de senllos documentos medievais, en que se diferencia un e outro tipo de gran (coma en “de milio et de panizo aut ordeo”, citado por Lorenzo 1975-77; *cf.* *ibidem* tamén exs. portugueses), e mesmo se deixa clara constancia da distinta consideración dun e outro:

per teeyga dereyta de Ribadauya de seys çelmîş & séér ende a terça de *millo* & a terça de çe(uey)ra & a terça de *paynço* & dardes este pã en esse casal ou enna jgleia de (sam) Fîz de Çeleyros (Salvaterra 1301; Maia: 217).

Et avedes de dar [...] por dezemo et quinon o terço do pan et do *millo* et do trigo et do orjo que labrardes [...] et cada que labrardes en na herdade da dita ca saria algun vetaynço, conven a saber: *paynço*, fabas, herbrellos, lino, que non dias delo quinon nengun ao dito moesteyro saluo o disemo (Vilaronte 1476; Graña: 441).

Tamén o *Dioscórides* os recolle como plantas diferentes e dá conta do maior aprecio do millo (cast. *mijo*, port. *milho*) sobre o paínzo (cast. *panizo*, port. *paniço*), a pesar de que o primeiro “mantiene menos que todos los otros granos”: “tienese por mejor, y por mas nutritiuo el mijo, q̄ no el Panizo”, “El Panizo comido mantiene poco, engendra humor melancólico, e por este respecto infinita sarna” (II.186). Son tamén distintos aínda para Sarmiento, como se aprecia doadamente nas coplas citadas máis arriba; a planta debía ser nesa altura o bastante coñecida para servir de termo de comparación, pero no seu comentario abunda na menor consideración deste cultivo e no seu abandono, seguramente por se tratar dun cereal de gran aínda máis cativo có do *mijo* (CVV-VGDV:317):

Se aquel cangalliño / que sai do extremo / asi como á espiga / do *painço* feito / se e rabo de porco / ou rabo de cerdo (*Coloquio*: 1130 2).

nunha área que vai desde o centro de Galicia (concello de Lalín) polo W de Ourense (Boborás, Ramirás, Padrenda...) e o S de Pontevedra ata o mar (concellos de Mondariz, Salceda de Caselas, Soutomaior, Vigo, A Guarda...); os restantes rexistros aparecen en áreas discontinuas, dando idea dunha distribución antiga máis extensa (A Capela e Pontedeume no N, Navia de Suarna e Ibias no NE, Vilardevós no SE...). Os escasos datos históricos que puidemos rastrexar de *painço* como cereal concéntranse tamén na área tudense, ben a través de documentos notariais (Salvaterra, Tui...), ben a través da CGG-CC (en Álvarez e Xove 1998 sostemos que a modalidade lingüística da tradución é tudense). Con todo, os datos toponímicos avalan amplamente a existencia de *Painza*, *Painzal*, *Painceira* e variantes en amplos territorios da nosa xeografía, moi especialmente na metade norte de Galicia, se ben non garanten que se tratase dunha planta cultivada e non ventureira, nin que non deriven doutra forma da familia de PANE.

E mais o painzo. Del puro latín *panicum*, traspuesta la N, dijo y dice el gallego, *paínzo*. En Castilla hubo la voz *Panizares*, por *síto*; pero ya ni se siembra ni se *come* (CVFG:456).

A lexicografía galega do s. XIX tamén os mantén separados (*vid. supra* cadro). Defíneos de xeito diferente F. J. Rodríguez, para quen o millo miúdo era un gran aínda familiar, pois doutro xeito non se explica que o tome como termo de comparación para explica-la morfoloxía doutras plantas e froitos, nin a recorrencia con que o emprega nas definicións dos labores agrícolas; advírtase tamén nas súas palabras a menor consideración do paínzo, que só vale para mestura ou para os paxaros:

PAÍNZO. Panizo, especie de mijo menudo que lleva el grano en espiga cilíndrica. Se usa entre los aldeanos, en mixtura con el maíz y centeno, y en las ciudades para dar á los pájaros. En port. id. / MILLO. Mijo grueso y menudo. En port. id., ital. y lat. millio, franc. mil.

Así ocorre ata o dicionario de Carré, o primeiro en que vemos establecida unha equivalencia *millo miúdo* = *paínzo* que perdura ata hoxe (...DRAG, GDXL); con todo, en E. Rodríguez obsérvase certa vacilación, pois dunha banda dáos como sinónimos e doutra infórmanos de que o paínzo ten as mesmas aplicacións có millo miúdo, de que mide o dobre de alto e de que ten un hábitat parcialmente distinto, de onde se deduce que non é exactamente a mesma planta:

Mijo, planta cereal. Llámase máis generalmente *millo miúdo* o *paínzo* para diferenciarle del *millo graúdo*, *millo grosso* o *millote*, es decir, el maíz o *mainzo*, al que suele aplicarse simplemente el nombre de *millo*. Grano o semilla de dichas plantas. | *Millo de Indias*. Sorgo, panizo negro (Carré: s.v. *millo*).


Millo miúdo, mijo común, planta anual, que tiene la caña algo más gruesa que la paja del trigo y de cerca de un metro de altura. Cultívase en nuestros campos, hacia la montaña, pero su semilla, aunque harinosa, es insípida, indigesta y flatulenta. El grano de esta misma planta, llamado también *millo miúdo*, es pequeño, avado, oblongo, amarillento y parecido al alpiste, usándose comúnmente para pan, mezclando la harina con la del maíz, o se dedica en grano a alimentar y cebar aves domésticas. Llámase también *millo paínzo*, y PAÍNZO (E. Rodríguez: s.v. *millo*) / s. m. Panizo, planta anual, de la familia de las gramíneas. | Grano de esta misma planta, que se llama también *millo miúdo*. | Florece en verano; es comunísima en Galicia, sobre todo en la región litoral, y crece también en los campos, hacia las montañas de la provincia de Lugo, Orense y Pontevedra. Crece hasta cerca de dos metros, y se conocen dos variedades, dándose a sus granos las mismas aplicaciones que al mijo menudo (E. Rodríguez: s.v. *paínzo*).

Na nosa opinión, o abandono de cultivo destes cereais, primeiro do paínzo e logo do millo miúdo, produciu unha indistinción xeneralizada, xa que

en definitiva se trata de plantas moi semellantes. Ocorreu antes en portugués, a vulgar pola equiparación moito máis temperá nos seus dicionarios, que non cremos fose determinante na deriva seguida pola nosa lexicografía e moito menos polo uso común.

3. OS NOMES DO ‘MILLO GORDO’ EN GALEGO MODERNO

Os nomes dados ó novo cereal chegado das Américas distribúense actualmente en tres grandes áreas —a de *millo*, a de *maíz* (*meiz*, etc.) e a de *mainzo* (Mapa 1)¹—, que gardan estreita relación con todo o exposto ata agora.



Mapa 1

¹ Na cartografía dos seis mapas presentados utilizamos só os materiais inéditos do *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*, do ILG; neles baséase no fundamental a argumentación e exposición das distintas variantes. Como ocorre sempre que alternan tantas formas léxicas, as precisións de localización deben entenderse en sentido positivo, é dicir, nin implica que nesas localidades non haxa outras denominacións nin que estas non existan noutros lugares, aplicadas ó mesmo concepto ou non.

1. A área de *millo* comprende a de expansión do cereal introducido a partir da Galicia atlántica, estendido cara ó interior tal como se describiu máis arriba. Esta área ocupa a maior parte de Galicia, ó oeste e ó sur dunha liña que, *grosso modo*, parte do golfo Ártabro cara ó sur e ó chegar á conca do Tambre vira cara ó leste, para desde alí cruza-la provincia de Lugo pola divisoria da diocese mindoniense, ata as serras orientais, onde inicia un novo descenso cara ó S e entra en León polo N dos Ancares. A denominación *millo* chega así ata o límite oriental do galego, mesmo ata as áreas da montaña suroriental en que nunca chegou a instalarse. Nos mesmos lugares *millo* pode designar tamén o ‘millo miúdo’, pero a necesidade de evita-la homonimia fai que para este se use adoito unha forma composta (*millo miúdo*, *millo de sémola*, *millo painzo*..., ou simplemente *sémola*, *painzo*).

É unha área de *millo* con escasas documentacións de *maíz* ~ *maís*, dispersas sobre todo na Galicia occidental non litoral (Vidán-Santiago de Compostela, Souto-A Estrada, Beariz, etc.), que poden ser castelanismo, mais tamén pervivencia dunha época, relativamente recente, de *maíz*, *millo maíz*, etc. Non podemos deixar de relacionar estes datos cos testemuños dos lexicógrafos que aboan hai un século *maíz* como forma propia (*vid. supra*)¹, pero, ademais, doutro xeito non se explicaría doadamente a existencia arraizada de derivados de *maíz* na mesma área, nin de topónimos con esta base (Moralejo 1977:153): *maízal* (‘terra onde se cultiva o millo’, A Estrada), *maiceiro* (‘planta de millo’, en Teo; ‘agro de millo’, Santiso), *maízo*, -a (*adj.* “lo propio del maíz (Cerdedo): *palla maíza*, es la paja del maíz”, *Frampas*: s.v.), etc.

Á vista destes datos e da exposición histórica precedente, cremos que se pode afirmar que a denominación maioritaria deste cereal en Galicia coincide coa do portugués, localizada na área contigua, sen base que avale unha importación léxica do territorio veciño. Por un camiño ou por outro, é a forma das variedades hispánicas máis occidentais, pois ocupa unha área continua desde Galicia e León, por Extremadura e Portugal, ata as illas Canarias (García Moutón 1986:124).

2. Ó norte da liña trazada anteriormente atopamos, no leste, a área de *maíz*, con variantes no límite oriental, dentro xa das provincias de Asturias e León, debidas a /s/ final a pesar de estaren fóra da área de seseo implosivo, á maior ou menor pechazón da primeira vocal do hiato (desde [a] ata [e]) ou a un cambio acentual cara á primeira vocal: sg. *maís* / pl. *maíses* (Candín-LE, Corullón-LE), sg. *maís* / pl. *maíses* (Benuza-LE); *maíz* [a] (Vilanova de Ozcos-AS, San Antolín de Ibias-AS), *maíz* [æ] (Negueira de Muñiz-LU, Piantón-A Veiga-AS), *meíz* [e] (Salave-Tapia-AS, Piantón-A Veiga-AS); *maís* [a]

1 En port. *maís* ‘millo graúdo’ e *maísal* ‘terreo de maís’ (DEP).

(San Antolín de Ibias-AS), *meiz* [ɛ] (Piantón-A Veiga-AS, Coaña-AS), *meiz* [e] (El Franco-AS, Boal-AS, A Veiga-AS, A Roda-Tapia-AS, Mántaras-Tapia-AS) (para cambios similares noutros dominios hispánicos, *vid.* García Moutón: 122-123). Por toda a área recóllese *millo* (tamén *millo miúdo*) co significado de ‘millo miúdo’, se ben a forma vai caendo en desuso conforme se vai esquecendo o cultivo.

Esta é a zona de penetración do millo americano a través da costa Cantábrica, probablemente a partir de Asturias, independente da anterior e moito máis lenta. O feito de que desde o N a penetración se producise antes e máis doadamente nos vales protexidos da montaña luguesa oriental ca na meseta central, explica esta derrama da área cara a S pola parte oriental.

3. Resta unicamente a área de *maínzo* (coa variante *maízo* nas extremas occidental e oriental), entre as dúas áreas indicadas, a onde o millo puido chegar a través das Mariñas de Betanzos cara ás terras máis altas ou ben desde Viveiro cara ó oeste e ó interior. Nas mesmas condicións de precariedade descritas para a área anterior, nesta mantense igualmente *millo* como ‘millo miúdo’.

A primeira vista, *maínzo*, forma testemuñada xa no s. XVIII por Sobreira na mesma área (“El maíz, Mariñas”, *Papeletas*: s.v.), semella un cruce do termo americano co tradicional *paínzo*. Carecemos de datos documentais sobre a importancia do cultivo do *paínzo* nesta área, o que sen dúbida permitiría corroborar ou non esta hipótese, pero a fitotoponimia parece vir na nosa axuda, pois a distribución actual dos topónimos derivados de *paínzo* (do tipo *Painceira*, *Paincega*, etc.) mostra unha evidente concentración na área que podemos chamar de *maínzo*. Con todo, cremos máis plausible outra hipótese puramente fonética, por máis simple e por estar avalada con evolucións semellantes na mesma área, onde se desenvolveu con frecuencia unha consoante nasal implosiva interior non etimolóxica, especialmente favorecida nun contexto coma este en que hai un hiato (ou hoxe a vocal resultante da contracción) e segue consoante interdental¹: *menciñeiro*, *esquencer*, *quencer*... Esta hipótese parte, xa que logo, dun primeiro asentamento de *maízo*, subst. masc. en -o (oposto a subst. fem. *maíza*, con distintos significados no mesmo

1 A consoante nasal implosiva orixinada a partir dunha nasal do étimo ocupa unha área distinta, maior ou menor segundo os casos, situada adoito a W dunha liña que segue a dirección N-S (sería o caso de *paí(n)zo* ou de *maí(n)zo* < MANICIU). En cambio, estas outras consoantes nasais máis modernas sitúanse adoito ó norte dunha liña L-W, en áreas de diferente tamaño en cada caso, polo que os testemuños son máis abundantes preto do Cantábrico. Nalgunhas áreas rexístranse nasais de ámbalas procedencias.

campo; *cfr.* ast. *maízru*, Menéndez 1954)¹, que reúne as as condicións axeitadas para o desenvolvemento da nasal non etimolóxica, sen dúbida axudada polo parecido con *paínzro*².

4. VELLO LÉXICO PARA NOVOS CONCEPTOS

En calquera caso, as denominacións dadas á nova planta cultivada indican unha grande capacidade da lingua para resolver por vía interna os problemas léxicos derivados. Esta mesma capacidade é aínda máis evidente se temos en conta os nomes dados a cada unha das súas partes, nas que predomina o recurso a voces preexistentes para conceptos semellantes, ás veces por vía metafórica. Escolmamos para isto cinco das partes máis importantes.

4.1. *Espiga, mazaroca, paolla...*

As denominacións galegas para a ‘espiga do millo’ foron tamén obxecto da comunicación de Dubert e Sousa, con base nos mesmos materiais usados por nós, polo que remitimos ó Mapa 7 presentado por eles neste mesmo volume. Nel apréciase que a maior parte de Galicia toma para o millo americano a denominación *espiga* que designa a dos outros cereais, e o mesmo ocorre na estrema nororiental con *paolla* ~ *panolla* ~ *panocha*, denominacións que eran aplicadas tamén á espiga do millo miúdo.

É distinto o caso de *mazaroca* e variantes, pois afasta o millo dos outros cereais³; repárese en que ocupa o territorio en que o cultivo do millo é menor ou practicamente inexistente, e en todo caso de implantación máis tardía. A denominación ten como base a similitude coa forma que toman o liño ou a la ó se envolveren no fuso ou na canela, e tamén se aplica a partes doutras plantas de morfoloxía semellante, como a flor da cebola ou o rebolo do talo da espadana; a maior amplitude semántica fai que en ocasións o nome deba ir acompañado dun modificador identificador (p. ex. *mazaroca da grã*). Valla como aval da motivación o testemuño de Sarmiento, aínda que non se refire ó millo⁴:

1 De por parte, *maí(n)zo* está amplamente documentado en galego como ‘ozca do fuso’ (posiblemente de *MANICIU, toda vez que é por aí por onde se agarra o fuso ó fiar); *maínza* significa tamén ‘porción que cabe nunha man’.

2 A fitotoponimia avala unha forma con nasal xeneralizada na mesma área: *Painceira* (Cedeira, Cerdido, Mesía, Viveiro, Narón), *Painceiras* (As Somozas, 2 loc. en Ortigueira), *O Painzal* (Aranga), *Painzás* (Narón, Pontedeume, Vilasantar, Guitiriz), *Painceiro* (afluente do Eume)..., aínda que tamén *Paizás* (A Capela) (*vid.*, para máis información, Moralejo 1977).

3 Esporadicamente, na mesma área rexístrase *espiga* para a flor masculina (máis coñecida como *candea*, *pendón*, *cenceno*...), máis semellante á espiga doutros cereais cá mazaroca de millo.

4 El supón, de acordo co *Xénese*, que os nomes da historia natural anteceden ós dos produtos elaborados polo home, e xa que logo é a maza do xunco a que dá nome á do fuso, e non á inversa. Nós non pretendemos retroceder tan lonxe, senón establecer que esta forma

El *bilo* que se va arrollando, y que se envuelve en el huso cuando llega a tal término, compone un macito que en gallego se llama *mazaroca* y en castellano *mazorca* o una *busada*. [...] Asiento que la voz *maza* es el origen de la voz gallega *mazaroca* [...]. Y porque hay una planta que se llama *junco amazarocado*, y es vegetable, con cuya explicación se averiguarán muchas voces castellanas y gallegas, quiero detenerme en esta planta [...]. Es pues el *junco amazarocado* aquella especie de espadaña que se halla en las orillas de ríos y lagunas, y que tiene un espectáculo distintivo en su remate. Hablo de aquella *mazita* o *mazorca* que tiene el tallo o vástago de la planta (CVFG: 296-299).


4.2. Casulo, follato, poma...

As denominacións baseadas en *folla* son as máis numerosas para as brácteas que envolven a espiga do millo, e entre elas pódense establecer á súa vez dous grandes bloques (Mapa 2). Dunha banda, a opción maioritaria *folla* (con ou sen identificador do tipo *de millo*, *da mazaroca*, etc.) ocupa unha grande extensión oriental, a que menos millo cultiva ou a que se incorporou máis tarde ó seu cultivo. Do outro lado da diagonal atópanse formas derivadas, en xeral minusvalorativas, que a pesar da grande variación léxica forman áreas relativamente homoxéneas: na Costa da Morte, *follada*; de aí ata o extremo sur, no Leboeiro, *follato* e as variantes *folläto* e *follèto*, con casos esporádicos de *follaco*, *folléco* e *follico*; dende as terras do Faro, polo centro de Ourense ata a raia, *follo*; en Asturias, *follòn*.

As restantes denominacións son diversas xa desde a base, mais gardan certa organización territorial. Na maior parte dos casos, son voces que aluden á función de envolver e protexe-la preciada espiga: no W da Coruña, no SW de Ourense e no SE de Lugo sitúanse as que teñen que ver con *casula* e *casulo*, voces existentes noutros campos do mundo vexetal e animal ou da cultura material, con significados que teñen o trazo ‘envoltorio’; no centro de Galicia atópanse as que teñen que ver con *carocha* (*crocha*, *escarocha*...), coas que tamén parecen relacionarse *caropa*, *carupa*, etc., de novo voces que indican ‘tona, monda, envoltorio...’; ó S delas, no SE de Pontevedra e dispersos na provincia de Ourense —interrompidos sobre todo por *follo*, do grupo maioritario— *cosco* (coma o do caracol, da noz ou do bago de uvas, por poñer só algúns exemplos) e, en menor medida, *casca*; finalmente *folello*, sobre a base *fol* (salvo que sexa disimilación a partir de **follello*, de base *folla*). No norte, na área de MAÍNZO, *pluma* e *poma*, ademais de *penica*, formas que tamén existen aplicadas á folla doutros vexetais (nomeadamente a do piñeiro) recollida con diversos fins utilitarios, e polo tanto estamos ante outra motivación

preexistente se aplicou por comparación á espiga do millo; naturalmente, tendo en conta a maior presenza da *mazaroca do huso* no coñecemento, uso e vida cotiá dos falantes, cabe pensar que esta é a imaxe que máis influíu na denominación que nos ocupa.


distinta. Rexistráronse ademais, como formas únicas, *peteleira* ‘a boa que se colle para o xergón’ e *panòxa* ‘calquera delas’ (Caión-A Laracha), *pubèla* (Rinlo-Ribadeo) e *caròlo* (Guntín). En calquera caso, estamos sempre diante dunha reutilización do fondo léxico patrimonial para dar nome ós novos conceptos, sexa pola vía da extensión de uso sexa pola vía da comparación implícita.



Mapa 2

4.3. Barba, pelo, cerro...

As denominacións dos filamentos que ten no cabo a espiga de millo, equiparables pero de aspecto distinto ás arganas doutros cereais, forman unha vez máis bloques ben diferenciados:




Mapa 3

Dunha banda, rexístrase *barba* (*borba*, *esbarba*) —que pode precisar dun identificador (*de millo*, *da espiga*...)— e os seus derivados depreciativos (*barbela*, *barbuxa*, *barbaña*...), que como se pode apreciar no Mapa 3 forman á súa vez pequenas áreas bastante compactas; nel advírtese tamén que a maior parte da área de cultivo máis temperán e máis intenso do millo se inclinou maioritariamente por esta vía. Tamén é clara a motivación de *pele*, que ocupa a maior parte da Galicia interior, a que se incorporou máis tardiamente ó cultivo ou non o fixo nunca. A solución máis orixinal é *cerro* (lat. CIRRU- ‘penacho’), que unha vez máis trasladada á espiga de millo a imaxe da fía, co cerro de la enriba da roca; advírtese, con todo, que non coincide coa área de *mazaroca* para ‘espiga’. Hai ademais formas illadas: ben coa mesma motivación cás anteriores, como *bigote* (Negueira de Muñiz) ou *sedas* (O Courel) e *estriga* (Viana do Bolo); ben tomadas doutros cereais, como *argana*, tamén chamada *barba*, do trigo, centeo, etc. (Cospeito), da utilidade en xogos infantís (*muñeca*, Baleira), ou doutras imaxes (*candea*, Ribas de Sil; *baluxa* Cedeira).

4.4. Pendón, candea, cenceno...

As formas empregadas para denomina-la flor masculina do millo aluden dunha maneira ou doutra á posición sobranceira que ocupa na planta e agrúpanse en cinco áreas principais de desigual tamaño.



Mapa 4

No N, ocupando unha ancha franxa litoral desde Bares ata a ría de Arousa atopamos *cenceno* e variantes (*enceno*, *onceno*; lat. CINCINNU ‘tirabuzón’, Corominas: s.v. *cenceño*). A voz designa tamén a ‘flor’ en forma de espiga doutros cereais, de morfoloxía moito máis parecida ó pendón ca á mazaroca, e, coma noutros dominios hispánicos, a ‘chuvia miúda’ e/ou a ‘brétema’ (*cf.* González e Tajés, neste mesmo volume)¹. É práctica frecuente cortar en

¹ Port. *senceno* ‘caramelo suspenso as árbores ou do beiril dos tellados’ (DEP); *cf. infra* a mesma extensión de significado en gal. *candea*.

verde a parte superior da planta, na que o elemento máis singular é o *cenceno*, para darlla como alimento ó gando; isto explica o cruce con *cercear* ou con *cernar*, que está na base da variante *cerceno* (*cf.* Corominas: *Ib.*, para outros testemuños con *-rc-*).

Ó S da área limitada anteriormente, desde o límite occidental da Terra Chá ata a beira sur da ría de Arousa, atópase unha estreita franxa de *pabón*, acaso seguindo a imaxe da cola do pavón despregadas en abano (*cf.* *crista* en Betanzos); en calquera caso, parece estar en relación con *pabenla* ‘planta forraxeira semellante ás aveas’, e con *pabea* ‘monllo sen atar de cereal ou doutras plantas que se segan’. No extremo norte topamos coas variantes minoritarias *pabilo* e *pabiloto* (*cf.* *pabío* ‘torcida do candil, da vela...’), que suxiren para a anterior unha orixe *pab(i)ón* que non avala ningún outro testemuño.

O oriente está ocupado por dúas grandes áreas. No N atópase *candea* e variantes, tomada por similitude coa flor de varias árbores, singularmente a do castiñeiro, árbore fundamental na economía, cultura e alimentación destas terras (para a posible orixe e formas emparentadas, *vid.* Corominas: s.v. *cándano*); a voz designa ademais outras entidades con forma semellante, coma ‘carambelo’. O mapa suxire unha extensión maior outrora, reducida en beneficio de *pendón*; cómpre ter en conta, a este respecto, a práctica desaparición dos castiñeiros en occidente, polo que deixou de ser cotiá a imaxe subxacente en *candea*. No S atópase *flor (de millo)*, forma moi pouco específica, como corresponde a un territorio que non ten o millo como cultivo de interese.

O resto do territorio, unha grande área compacta que se estende desde a ribeira occidental do río Miño na provincia de Lugo ata as Rías Baixas e ata toda a fronteira portuguesa, está ocupada por *pendón* (~ *pondón*, con labialización de /e/ pretónico) motivada pola súa similitude con este tipo de estandarte e coa maneira de se moveren ó vento as súas puntas (en port. ten, entre outras denominacións, *pendão* e *bandeira*).

Son minoritarias outras formas comúns con significados relacionados coa súa posición característica: *guía*, coma a póla ergueita que no alto dunha árbore marca a liña de crecemento; *espadana*, en alusión á forma característica desta planta, que tamén prestou a denominación ó tipo de campanario caracterizado por ser só unha parede con vans destacada sobre o resto da construción; *cabeza*, polo lugar preeminente ocupado respecto do resto do corpo (de por parte, *corta-lo cenceno* pode ser sinónimo, nun mesmo lugar, de *escabezar*). Ademais, son relativamente abundantes as formas únicas, que en ocasións conviven con algunha ou algunhas das anteriores; a maior parte son ben transparentes: *alabarda* (Sada), *boia* (Viveiro), *crista* (Betanzos), *c(u)ruto* (Touro, mais en toda a contorna é frecuente *escurutar* para ‘corta-lo pendón’),

espiga (Hermisende), *farna* (A Lama; *esfarnar* en Cotobade para ‘cortalo’), *frando* (O Boiro), *louca* (O Barqueiro), *pámpano* (Lugo), *polén* (Boal), *pubela* e *vela* (Ferreira de Valadouro).

4.5. *Carozo, carolo, cadolo...*

As múltiples e diversas formas pódense agrupar baixo unhas poucas denominacións fundamentais, que á súa vez ofrecen variantes internas, unhas e outras cunha distribución diatópica bastante ben delimitada.

1. O grupo de *carozo* (lat. vg. CARUDIUM-, e este do diminutivo gr. καρύδιον ‘avelá, noz pequena’, Corominas: s.v.) é o máis abundante e ocupa dúas grandes áreas que percorren Galicia de N a S: a occidental, desde Ortegá ó Baixo Miño, presenta uniformemente *carozo*, con /o/, pero na oriental predominan formas con /ɔ/ (con todo, dentro dela, /o/ rexístrase nun número significativo de ocorrencias); no tercio norte da área oriental e no extremo sur, xa na fronteira ourensá con Portugal, a vocal pretónica é /o/ (*corózo, coròzo*). É posible que *cor-* proceda de *car-* por simple asimilación da pretónica, pero tamén que nos territorios do primeiro confluísen formas preexistentes distintas; a favor da segunda hipótese temos dous feitos: que [a] > [o] pretónico non é unha evolución frecuente e que noutras rexións se distingue entre *car-* (*carozo* ‘pao da verza’, ‘da espiga’, etc.) e *cor-* (*coroza* ‘codia grosa’, ‘tipo capa’, etc.). En relación inmediata con *carozo* parecen estar variantes cunha oclusiva dental que semella deberse a un cruce con outra voz: *cadrózo* forma unha pequena área no W da Coruña, entre as de *cañoto* e *carozo*; *catrózo* amplía a anterior polo N; *codrózo* aparece illada no L de Ourense, o mesmo ca *catrocho* (que algures se refire só á unión da espiga coa cana, en relación co seu significado de ‘peciolo da folla de verduras comestibles’). Os outros significados de *carozo* teñen en común a consistencia e/ou a forma tubular.

Entre as dúas grandes áreas de *carozo* mencionadas atópase *carolo* e variantes, nunha ancha franxa que desde o límite SW da área mindoniense baixa polo centro de Galicia ó W do río Miño e se interrompe antes do seu esteiro, aínda que ten unha póla que chega ata o mar na ría de Pontevedra; no norte e centro da área predomina *caròlo* fronte a *carólo*, en tanto que no sur imponse *carólo*, aga unha concentración tudense de *carulo*. Illados en puntos orientais rexístranse *carulo* (Chandrexá), *carrólo* (Lobios), *carròla* (Larouco) e *carròcho* (Baleira). A distribución diatópica de *carolo* entre as dúas bandas de *carozo* suxire que non se trata dunha forma de orixe distinta (emparentada en última instancia tamén con καρύον), senón dunha variante creada a partir desta, por cambio de sufixo diminutivo a favor de -OLU ou por cruce con outras formas; en relación con isto, e como posible obxección, cómpre ter

presente que, en termos xerais, *carozzo* e *carolo* non son sinónimos perfectos (*vid. infra*).

Cadolo semella a primeira vista variante de *carolo*, con cambio entre consoantes dentoalveolares, pero resulta estraño que as dúas formen áreas compactas distanciadas entre si; de por parte parece verosímil o seu parentesco con *cadullo* ('grumo', 'terrón duro', 'coágulo'), no extremo oriental, alusiva á forma e á dureza. Os outros significados coñecidos de *cadolo* tampouco autorizan a interpretalo como cunha variante fonética de *carolo*, xa que raramente son sinónimos (*vid. infra*).


Todas estas formas remiten á consistencia e á dureza desta peza nuclear da espiga e están en relación con outros significados que teñen estas mesmas voces, nos mesmos ou noutros lugares: *carozzo*, *carolo*, *cadrozo*... 'corazón da mazá e outras froitas de pebida'; *carozzo* 'bóla de pus endurecido dun foruncho'; *carolo*, *carocho* 'anaco de pan duro', 'codia da boroa ou do pan duro'; *carolo*, *cadolo*, *cadullo* 'terrón que levanta o arado, terrón duro e compacto'; *carolo* 'croque', 'cabeza de repolo cando agroma', 'casca exterior da noz', 'envoltura verde da mazaroca'; *carozzo*, *cadolo* 'talo grosso e duro, coma o da verza'; *carozza*, *carola* 'piña de piñeiro manso'; *cadolo* 'cañoto dunha seda', 'pao seco e limpo, coma o que se usa para aviva-lo lume ou arrebolarse'; *cadullo* 'gromo'; *cadrozo*, *cadolo* 'parte inferior, cortada, do talo de millo'; *carocho*, *catrocho* 'pé que empata a espiga coa cana', etc. Están tamén en relación con outras voces da mesma familia ou alomenos de forma similar (*carola*, *carocha* 'raíz de plantas coma o nabo ou a remolacha'; *catriño* 'pé do botón'; *catroio* 'tarabelo'), así como con moitas outras formas iniciadas por *car-* (ou *cor-*) que teñen en común o trazo 'dureza', especialmente en material de cubertas ou desbotable (*caroa*, adx. *caroal*, *carazo*, *carola*, *carozza* ~ *corozza*, *carapela*, *caroucho*, etc.).

2. No occidente da Coruña confluíron *cañoto* e *canoto*: a minoritaria *canoto* (de base *cana*, con motivación evidente), que tamén se atopa no extremo setentrional, comparte espacio con *cañoto*, a máis estendida desde Malpica a Muros (quizais relacionado con *c(o)añō* < *CODANEU-, de CODA-, 'resto da espiga de trigo ou centeo despois de mallada'¹); nas beiras da área occidental citada recollemos *gañoto*, quizais deturpación das anteriores por cruce con *gañote* (*cf.* Corominas: s.v. *gañote*), de forma alongada semellante, ou por unha evolución coincidente de *c-* a *g-*². Tanto *cañoto* coma *canoto* son formas co-

1 De aceptármola base *caña* estaríamos diante dun castelanismo (Corominas, s.v. *caña*), tan antigo e arraigado como para xustificar esta e outras voces de cultura tradicional en galego e portugués.

2 En portugués, *ganboto* "(reg.) rebento fraco das figueiras que, em regra, é podado para não prejudicar o desenvolvimento das partes normalmente frutíferas; pequeno calhau rolado

múns, nestes e noutros lugares, como ‘parte do talo grosso ou do toro queda na terra ó cortar unha planta ou árbore’ ou ‘parte dura que queda na pel ó cortar pelo ou quitar plumas’, pero ademais teñen outros significados coincidentes con *carolo* e *carozo*, como ‘talo grosso de certas plantas, coma a couve ou a pataca’, ‘parte interior de certas froitas sen carabuña coma a mazá ou a pera, que queda despois de comelas’, etc.



Mapa 5

3. Outras voces ocupan áreas máis reducidas, pero son igualmente formas documentadas con outros significados próximos na lingua da contorna, de onde se toman para ser aplicadas á designación do novo concepto:

a) No Cantábrico, unindo as dúas áreas de *carozo* recóllense formas con *t-* (*tarózo*, *torózo*), que incluíríamos como variantes das anteriores se non fose

pelas águas. (De canhoto, «tronco de árbore; ramo de árbore» que se corta para queimar?)” (DEP).

porque parecen estar relacionadas con *toro* (cfr. *atorozar*, etc.) ou incluso con *tarugo* (coma ast. *taracu*, segundo Corominas: s.v. *tarugo*)¹. Non coñecemos outros significados destas voces, pero a imaxe de ‘vulto, excrecencia...’ orixinaria en lat. TORUS está presente, dun xeito ou outro, en *torobelo*, *torollo*, *torolo*, *toromballo*, *toromelo...*, e en *taro*, *taroco*, *tarouco*, *tarolo*, *tareco*, *tarelo...* (cfr. Santamarina 2001).

b) *Troncho* (de TRUNCULU: ‘pedazo de talo grosa que se rabenou’), que atopamos nunha pequena área na montaña de Viveiro, contigua da anterior, remite tamén en última instancia á forma cilíndrica. Existe ademais *tro(n)cho* cos significados de ‘póla grosa’, ‘anaco de pan’; comparte coa maior parte das voces tratadas o significado de ‘talo da verza e plantas similares’ e con *caño* ~ *cano* e *cadolo* a posibilidade de se referir á parte da cana de millo que queda na terra ó cortala.

c) Preto da fronteira sur atopamos *casulo*, coa variante *casullo* en puntos illados de Ourense (Xinzo) e Lugo (Becerreá). Entre as denominacións do millo e as súas partes, a voz denomina con maior frecuencia a envoltura da espiga, pero debe terse en conta que *casulo* denomina tamén a parte de certas plantas á que se une o froito ou grans de semente, sexa en forma de vaíña (chícharos, fabas...) ou baga (eucalipto), sexa en forma de capelo (landra) ou espiga (centeo, trigo...); doutra banda, vimos máis arriba o comportamento contrario, pois *carolo*, aínda designando adoito a parte interior dura, pódese referir tamén á envoltura.

d) Finalmente, *capullo* (Vilariñofrío) e *carapullo* (Baños de Molgas), que se apoían mutuamente, acaso teñan que ver con *capela*, *carapola*, *carpola*, *carapa...*?; e *cebullo* (A Veiga) denomina tamén o corno interior de sámago do gando vacún.

No Mapa 5 advírtese que a maior parte de Galicia está cuberta por manchas compactas de extensión variable que corresponden ás distintas formas consignadas. Non se comporta así a parte suroriental, onde ou faltan as respostas ou se produce un conxunto de formas illadas, por veces exclusivas, por veces existentes en lugares moi distantes; ocorre isto nun espacio xeográfico en que, polas condicións orográficas e climáticas, a penas se cultiva este cereal, o que sen dúbida non contribúe á difusión social é ó establecemento de termos comúns para as súas partes.

1 Port. *taroco* ‘toro pequeno de leña’, *taroca* ‘zoco’, *tarolo* ‘pequeno toro de leña’ e ‘carolo da espiga de millo’ (DEP). Noutros lugares de Lugo, máis ó Sur, *toro(n)xa* é ‘Mujer tosca, basta, tarugo’ (Santamarina 2000).

2 Port. *capulbo* ‘botón floral aínda por abrir; casula que reviste os pelos das sementes do algodoeiro’, *carapulo* ‘cápsula de certos froitos’, *carapula* ‘pendón do millo’ (DEP).

5. REMATE

Poderíanse poñer máis exemplos, de todas e cada unha das partes da planta de millo, dos seus labores ou dos seus derivados. O resultado sempre é o mesmo: o abano dunha considerable variedade de denominacións que ou ben eran xa aplicables con anterioridade ó millo miúdo —ou a outras plantas similares—, ou ben eran formas existentes no fondo léxico da lingua que, por extensión directa ou por vía metafórica, foron reutilizadas para dar nome á nova realidade. Unha conclusión que cobra especial interese se temos en conta que a época de expansión do millo, e xa que logo a época do inicio da difusión destes termos, coincide coa de maior postración do galego como lingua culta; pois ben, a pesar do esmorecemento cultural e sociopolítico, a innovación lingüística non se produciu a través do español —o galego, por tanto, non estaba satelizado ata ese punto—, senón procurando no propio tesouro lexicográfico voces ás que se dan novos significados, e con elas un novo alento cara ó futuro.

A variedade formal aludida agrúpase en áreas máis ou menos compactas e organizadas, polo que sería interesante amplia-lo estudio coa finalidade de tentar sabermos cales foron os posibles focos de irradiación e cales as canles de difusión. As áreas debuxadas para cada concepto en particular non son coincidentes coas debuxadas para outros conceptos do mesmo ámbito, polo que non resulta doado tirar conclusións desde o punto de vista de organización interna do sistema en variedades diatópicas delimitadas. Finalmente, os mapas poñen en evidencia maior riqueza léxica —tanto pola variación, coma pola orixinalidade dos motivos— nas áreas en que a planta tivo asentamento máis temperán e máis intensivo.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Álvarez, R. e X. Xove (1998): “Lingua e variación dialectal na *Crónica Xeral Galega*”, en D. Kremer (ed.): *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, I. Vigo: Galaxia, 29-58.
- Bouza-Brey, F. ([1953] 1982): “Noticias históricas sobre la introducción del cultivo del maíz en Galicia”, en *Etnografía y folklore de Galicia*. Vigo: Xerais, 2, 155-194.
- CEG = *Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago / Gijón: Silverio Cañada.
- Coloquio* = “Coloquio de 24 gallegos rústicos”. *Vid.* CVFG.
- Cornide = C. Martínez Barbeito (1956): “Don José Cornide y su «Catálogo de palabras gallegas»”, en *BRAG* 27, 291-349 [Inclúe o “Catálogo”, 309-349].
- CVFG = Martín Sarmiento (1970): *Colección de voces y frases gallegas*. Ed. y estudio de J. L. Pensado. Salamanca: Universidad.
- CVFLG = Martín Sarmiento (1973): *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*. Ed. y estudio de J. L. Pensado. Salamanca: Universidad.

- CVV-VGDV = Martín Sarmiento (1986), *Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetables*. Ed. y estudio de J. L. Pensado. Salamanca: Universidad.
- DEP = *Dicionário da Língua Portuguesa*. Priberam Informática / Porto Editora, 1996 [edición en CD].
- Dioscórides = Dubler, C. E. (ed.) (1955): *La 'Materia Médica' de Dioscórides. Transmisión medieval y Renacentista. Vol. III: La 'Materia Médica' de Dioscórides traducida y comentada por D. Andrés de Laguna (texto crítico)*. Barcelona: Emporium.
- DRAG = García, C. e M. González González (dirs.) (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: RAG / Xerais / Galaxia.
- Eiras Roel, A. (1998): “Los productos alimentarios de ultramar en la agricultura de los países mediterráneos”, en *Obradoiro de Historia Moderna* 7, 27-88.
- García Moutón, P. (1986): “Los nombres españoles del maíz”, en *Anuario de Letras* 24, 121-146.
- GRXL = Carballeira Anllo, X. Mª (coord.): (2000): *Gran Diccionario Xerais da lingua*. Vigo: Xerais.
- Lorenzo, R. (1975-77): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Orense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”.
- Maia, C. de Azevedo (1986): *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (Com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica.
- Moralejo Lasso, A. (1977): “Toponimia gallega de cereales de cultivo”, en *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago de Compostela: Pico Sacro, 145-168.
- Menéndez García, M. (1954): “El maíz y su terminología en Asturias”, en *Homenaje a Fritz Krüger*, II. Mendoza: Universidad Nacional de Cuyo, 369-402.
- Pérez García, X. M. (1982): “O millo en Galicia: un estado da cuestión”, en *Revista Galega de Estudos Agrarios* 7 e 8, 87-104.
- Saavedra, P. (1991): *Galicia. Historia. Tomo III: A Galicia do Antigo Réxime. Economía e sociedade*. A Coruña: Hércules.
- Saavedra, P. (1998): “A evolución agraria e gandeira”, en *Atlas histórico de Galicia*. Vigo: Nigra Trea.
- Santamarina, A. (ed.) (2001): *Diccionario de dicionarios*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.
- Sobreira, J. (1979): *Papeletas de un diccionario gallego*. Ed. y est. J. L. Pensado. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”.
- Vázquez Varela, X. M. (1996): “O cultivo tradicional do “mijo”, millo miúdo (*PANICUM MILLACEUM* L.) en Galicia”, en A. Fraguas Fraguas e X. A. Fidalgo Santamarina (eds.): *Tecnoloxía tradicional: dimensión patrimonial e valoración antropolóxica. Actas do Simposio Internacional In Memoriam Xaquín Lorenzo*. Ourense 13 ó 15 de outubro de 1994. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 117-126.

APÉNDICE

DENOMINACIÓNS DA PLANTA DO MILLO E DAS SÚAS PARTES

1. Nome xenérico do cereal: *maínzo, maíz, meíz, millo*¹.
2. Planta de millo: *cana (de millo), caneira, caña, cañeira, cañoto, caso (de maíz), gallo (de millo, de maínzo, de maíz), garèlo, grañeiro, grao (de millo, de maínzo, de maínza), (un) maíz, (un) millo, maiceira, maiceiro, maínza, meíza, milleiro, millòte, pabea, palla (de maíz, de millo), palleira, pallón, pé (de grao), pé (de millo, de maínzo, de maíz), perneira de millo, planta de millo ~ de maíz, ramallo, ramo, tano, tòque de maíz*.
3. Cana do millo (nalgúns lugares con termos distintos segundo estea verde ou seca): *cana, caneira, caneta, canivèla, canòta, canoto, canuto, caña, cañeira, cañoto, caso, coto, folla, gallo, garèlo, grao, meiceiro, meíza, milleiro, millo, mollo, pabiloto, palla, palleira, pallón, pallòte, palloto, pallòza, panòia, pé, tallo, tano, toco ~ tòco, trocho, vara*.
4. Folla da planta de millo: *folla, panola, porreta*.
5. Parte superior da planta, que se corta para o gando: *bòia, cabeza, cabezo, cana, canoto, caña, cañota ~ cañota, cañoto, capèla, caso, cenceno, cerceno, cima, coròcha, cotèla, cupèla, curuto, escabeza, escuruto, farnas, folla, garèlo, guía, meíza, palla, palleira, palleta, pallón, pallòta, pallòte, pallòza, panòcha, pavón, pendón, pico, porreta, punta, ramallo, vèla*.
6. Pendón (flor masculina): *alabarda, bòia, cabeza, candeia, candèla, candeòlo, cencena, cenceno, cerceno, cotela, crista, curuto, espadana, espiga, farna, flor (do millo, do maínzo...), frando, guía, louca, pabilo, pabiloto, pabón, pámpano, pendón, polèn, ponzón, pubèla, recandea, recandeo, vèla*.
7. Espiga (flor feminina): *espiga, espigoto, mazaròca (da gra), mazòrca, mazòrga, panocha, panòlla, paolla. Espiga con casulo: caròcha, caròpa, panòxa*.
8. Estiletes da espiga: *argana, baluxa, barba (de millo, da espiga...), barbada, barbaña, barbèla, barbuxa, bigòte, bòrba, candeia, cèrro ~ cerro, esbarba, estriga, muñeca, pelo (do millo, da espiga...), sedas*.
9. Carozo da espiga: *cadolo, cadròzo, cadullo, canoto, cañoto, capullo, carapullo, carolo ~ caròlo, carozo ~ caròzo, carròcho, carròla, carolo, casullo, casulo, catrozo, cebullo, codrozo, corozo ~ coròzo, gañoto, mazaròca, tarozo, torozo, troncho, zorozo*.
10. Bráctees que envolven a espiga: *caròcha, caròlo, caròpa, carrupa, casca, caso, casula, casullo, casulo, cosco, croucho, escaròcha, folello, folla ~ follà (de millo, da espiga, da mazaròca), follaco, follada, follata, follate, follato, folleco, follète, follèto, follico, follo, follòn, panoxa, penica, peteieira, pluma (de maínzo), poma, pubèla*.
11. Gran de millo: *gran ~ grao ~ gra (masc.), granceiro, grañeiro*.
12. Tipos de espiga e de millo pola cor: *amarelo, bo, maduro, normal, rubio; blanco, floxco, pallarín; colorado, encarnado, reino, rubio; apincharrado, gaiado, pego*.
13. Fungo do millo: *barredoiro, bichoco, borreiro, borrón, bufeiro, cacaforra, cagoxo, caruncho, cogofèlas, cogorda, feruncho, fuegos, fungo, fungón, marfollo, moriòn, morri(i)ón ~ morriòn, mourón, patra ~ pòtra*.
14. Lugar plantado de millo: *mai(n)ceira, mai(n)ceiro, mai(n)zal, meizal, millal*.

1 Alterámo-la grafía convencional marcando con til grave as vocais tónicas medias abertas, <è, ò>; en cambio, non rexistramos variantes fónicas nin correspondencias morfolóxicas diatópicas pouco relevantes. Os materiais proceden do ALGa ou do arquivo lexicográfico do ILG, do que en todo caso só tomamos formas testemuñadas na lingua falada.